



| Guía Docente          |  |                    |  |          |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |  | 2023/24  |
| Asignatura (*)        | Deseño Organizativo  | Código             | 611G02029  |          |
| Titulación            |  |                    |  |          |
| Descritores           |  |                    |  |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo   | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre  | Terceiro           | Obrigatoria  | 6        |
| Idioma                | CastelánGalego   |                    |  |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |  |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |  |          |
| Departamento          | Empresa  |                    |  |          |
| Coordinación          | Nieto Uria Ribeiro De Almeida, Arturo J.   | Correo electrónico | a.nietouria@udc.es   |          |
| Profesorado           | Barros Campello, Esther Alicia<br>Guillen Solorzano, Maria<br>Nieto Uria Ribeiro De Almeida, Arturo J. | Correo electrónico | esther.barros@udc.es<br>maria.guillen@udc.es<br>a.nietouria@udc.es |          |
| Web                   |  |                    |  |          |
| Descrición xeral      | A materia centrase no análise das estruturas organizativas das empresas no mundo real.                 |                    |  |          |

| Competencias / Resultados do título |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código                              | Competencias / Resultados do título |
|                                     |                                     |

| Resultados da aprendizaxe   |                                     |                      |                |
|---|-------------------------------------|----------------------|----------------|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |                      |                |
| Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos e difundir o uso das novas tecnoloxías                             | A3<br>A9                            | B1<br>B2<br>B3<br>B4 |                |
| Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida y fomentar los valores del esfuerzo, trabajo, formacion continua e iniciativa privada |                                     |                      | C6<br>C7<br>C8 |
| Saber facer a presentación oral e escrita dun proxecto de xestión e análise da estrutura organizativa dunha empresa e comunicarse con fluidez non seu contorno        | A10<br>A11                          | B5<br>B6             | C1<br>C5       |
| Saber deseñar organigramas e realizar análise das competencias dos diferentes postos de traballo, base para emitir informes e proxectos de xestión                    | A1<br>A2<br>A4<br>A5<br>A6<br>A8    | B10                  |                |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria.   |                                     |                      | C4             |
| Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.  |                                     | B7<br>B8             | C1             |

| Contidos                                    |   |
|---|---|
| Temas                                       | Subtemas  |
| TEMA 1: Introducción á análise organizativa | 1.1. Mecanismos de coordinación<br>1.2. Elementos básicos e partes fundamentais |



|   |   |
|---|---|
| TEMA 2: Parámetros de deseño organizativo | 2.1. Deseño de postos.<br>2.2. Deseño da estrutura departamental<br>2.3. Deseño de vínculos laterais.<br>2.4. Descentralización |
| TEMA 3: Factores de continxencia          | 3.1. Idade<br>3.2. Tamaño<br>3.3. Sistema técnico<br>3.4. Contorno<br>3.5. O papel do poder                                     |
| TEMA 4: Configuracións estruturais        | 4.1. Simple<br>4.2. Burocracia maquinal<br>4.3. Burocracia profesional<br>4.4. Divisional.<br>4.5. Adhocracia                   |

| Planificación          |  |   |                         |              |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados                          | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Seminario              | A2 A3 A8 A9 A10 A11<br>B7 B8 B10 C4 C5 C6<br>C7 C8 | 4                                       | 4                       | 8            |
| Sesión maxistral       | A4 A5 A6 B1 B5 B6                                  | 17                                      | 17                      | 34           |
| Proba mixta            | A1 B2 B3 B4 C1                                     | 2                                       | 0                       | 2            |
| Traballos tutelados    | A1 B2 B3 B4 C1                                     | 27                                      | 76                      | 103          |
| Atención personalizada |  | 3                                       | 0                       | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías        |  |
|---------------------|--|
| Metodoloxías        | Descrición   |
| Seminario           | Organizaranse 4 horas de titorías presenciais para o seguimento dos traballos cuxas datas e horas serán comunicadas ao longo do curso. |
| Sesión maxistral    | Presentación de conceptos teóricos básicos   |
| Proba mixta         | Exames tipo test, ou de preguntas a desenvolver.   |
| Traballos tutelados | Traballos grupais con exposición oral.   |

| Atención personalizada |  |
|------------------------|--|
| Metodoloxías           | Descrición   |
| Traballos tutelados    | Os seminarios e as titorías servirán para aclarar dúbidas e facer un seguimento dos traballos tutelados.   |
| Seminario              | As dúbidas, aclaracións e seguimento dos traballos tutelados realizarase mediante tutorías personais ou grupais, previa solicitude por correo electrónico. |

| Avaliación          |                           |   |               |
|---------------------|---------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías        | Competencias / Resultados | Descrición  | Cualificación |
| Traballos tutelados | A1 B2 B3 B4 C1            | Dous traballos en grupo e exposición oral dos mesmos. Un deles podería ser substituído, a criterio do profesor, por pequenos casos prácticos a resolver na propia aula. | 70            |



|             |                |   |    |
|-------------|----------------|---|----|
| Proba mixta | A1 B2 B3 B4 C1 | <p>O alumnado realizará unha proba mixta para demostrar a adquisición dos coñecementos teórico prácticos da materia.</p> <p>Constará de dúas partes. A primeira correspóndese coa defensa oral de un traballo sobre unha organización, a segunda de un exame tipo test. Poderán eximirse da realización da parte do test o alumnado que acade unha nota media ponderada superior a 5,6 nos traballos tutelados e a primeira parte da proba mixta.</p> | 30 |
|-------------|----------------|---|----|

Observacións avaliación



## A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN:

### 1. Condicións de avaliación:

Está prohibido acceder á aula do exame/probas/traballos concalquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamentode información. Lémbrese que calquera alumno sorprendido realizando exames, traballos ou probas mediantecalquera procedemento fraudulento asignaráselle unha nota de cero na convocatoria.

### 2. Identificación do estudante:

O estudante ha de acreditar a súa identidade de acordo coa normativa vixente.

## B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN:

### 1. Cualificación de nonpresentado:

Corresponde ao alumno, cando só participe en actividades deavaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada.

### 2. Os alumnos a tempo parcial

deberán comunicarllo aos profesores. Nestes casos, os profesores valorarán a adaptación dos criterios de avaliación. É altamente recomendable a asistencia a clase e o seguimento de todas as actividadesprogramadas na materia.

## C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN E SISTEMAS DE AVALIACIÓN:

### 1. Primeira oportunidade:

Aplicaranse os criterios de avaliación indicados nesta sección:

Para superar esta materia os alumnos deberán realizar dous traballos grupais durante o transcurso do cuatrimestre e expolos oralmente en clase e unha Proba Mixta que os alumnos poderán eximirse caso superen unha determinada nota media cos traballos tutelados.

O primeiro traballo terá unha ponderación do 35% da nota final.

O segundo traballo terá unha ponderación do 35% da nota final.

Proba Mixta terá unha ponderación do 30% da nota fina, da cual:

A metade correspóndese à defensa oral do traballo sobre a organización, e a outra metade à proba tipo test.

Os alumnos que acaden unha nota de 5,6 sobre 10 de media nos traballos tutelados e a defensa oral da proba mixta poderán eximirse da realización da proba tipo test.

Os traballos grupais tutelados realízanse ao longo do curso e non é posible a súa realización fora do período lectivo.

Nas defensas orais dos traballos grupais participarán todos os compoñentes do grupo responsable da súa elaboración.

Para o cálculo da nota media final, será preciso obter unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 puntos en calquera dos traballos (non se calculará a nota media dos alumnos que obteñan unha nota menor que esta).

Para superar a materia, a nota media ponderada final deberá ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

### 2. Segunda oportunidade:

Os criterios de avaliación son os mesmos para todas as oportunidades de avaliación.

Non obstante o anterior, na segunda oportunidade, establécense os seguintes criterios para unha plena igualdade entre ambas as oportunidades:

En caso de superar un dos traballos , gardarase a cualificación obtida neste e deberase repetir soamente o que non se superou. Establécense as seguintes opcións:

? Alumnado que non alcanzou a nota mínima no traballo 1:

Deberán realizar o mesmo traballo que se lle encomendou ao principio de curso.

? Alumnado que non alcanzou a nota mínima no traballo 2:

Deberán poñerse en contacto co profesor/a da materia para que lles asigne unha nova organización sobre a que realizar o traballo (non se poderá realizar o traballo 2 sobre a mesma organización elixida na primeira oportunidade). No caso de que non se elixira aínda organización, deberase comunicar ao profesor/á organización elixida. En caso de non superar ningún dos dous traballos, deberán realizarse ambos nas condicións sinaladas anteriormente.

A data límite para a entrega dos traballos será catro días antes da data establecida no calendario oficial de exames da segunda oportunidade. A exposición e defensa dos traballos farase na data oficial do exame de segunda oportunidade.

Modo de entrega: a través de correo electrónico ao profesor/a de a materia.

### 3. Convocatoria adiantada:

Para aqueles alumnos que cumpran os requisitos esixidos para o acceso á proba adiantada, o criterio de avaliación será igual aos do calendario normal. Debendo entregar os traballos encomendados polos docentes da materia. Deberán contactar co Coordinador da Materia para que lles asigne os correspondentes traballos.

## D) OUTRAS OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN

Os alumnos saberán as cualificacións dos traballos antes da data marcada pola facultade para os exames (Xuño ou Xullo).

Os criterios de avaliación e cualificación son, exactamente, iguais nas dúas oportunidades (Xuño e Xullo).

Considérase que un alumno está dentro da avaliación continua e, por tanto, aplicaráselle o esquema de avaliación anterior, se realizou máis dun 20% dos traballos e casos prácticos encargados. Por tanto, este alumno se non alcanza o cinco, estará "suspenso" nas actas da materia.

As guías para a realización dos traballos tutelados ou de calquera outra práctica ou exercicio proposto polo profesor estarán colgadas na plataforma Moodle, coa suficiente antelación.

Calquera información, aviso aos alumnos, etc. colgarase nesta plataforma. Enviarase un e-mail notificándoo.

É responsabilidade do alumno consultar a dirección de e-mail que a UDC lle asigne.

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:

a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático

b. Realizarase a través de Moodle, Teams ou correo electrónico en formato dixital sen necesidade de imprimilos

2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso adecuado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

NOTA IMPORTANTE ALUMNOS DE INTERCAMBIO/CONVENIO BILATERAL/ ERASMUS/... As entregas de traballos estableceranse a principio de curso.



## Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"><li>- Mintzberg, Henry (). The structuring of organizations a synthesis of the research. New York : Prentice-Hall</li><li>- Mintzberg (Varios). La estructuración de las organizaciones. Ariel</li><li>- Morales Fernández, E. J. y Ariza Montes, J. A. (2015). Diseño y organización de empresas. Ediciones Universitarias McGraw-Hill</li></ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |   |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía da Empresa: Dirección e Organización/611G02008

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

## Observacións

É unha materia eminentemente práctica.O seu desenvolvemento supón unha implicación do alumno na realización dos traballos grupais desde o inicio da mesma.É altamente recomendable, como aprendizaxe, asistir sempre a clase e ás presentacións orais de todos os grupos.Os docentes da materia realizan comentarios, recomendacións e imparten docencia nas devanditas sesións.

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías